

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA  
DE 25 DE ABRIL DE 2024.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e cinco minutos do 25 de abril de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

**Concelleiros/as :**

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.  
D<sup>a</sup> MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ ( PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)  
D JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (PP)  
D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP)  
D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ ( PP)  
D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( PSOE)  
D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ ( PSOE)  
D LUIS GULÍN IGLESIAS ( PSOE)  
D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)  
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RENC)

Non asiste dona María Teresa Rodríguez Estévez ( BNG).

**Alcalde.-** Moi boa tarde a todos e todas, , imos comenzar a sesión ordinaria do pleno de 25 de abril de 2024..

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓN CELEBRADAS: ORDINARIA DE 21 DE MARZO DE 2024.**

Non formulándose observacións , fica aprobada por unanimidade.

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 4 de marzo, unha sobre aboamentos.

Do 6 de marzo, sobre aboamentos.

Do 7 de marzo, sobre aboamentos.

Do 11 de marzo, sobre aboamentos.

Do 12 de marzo, sobre aboamentos.

Do 13 de marzo, sobre aboamentos.

Do 14 de marzo, sobre aboamentos.

Do 15 de marzo, sobre aboamentos.

Do 18 de marzo, sobre aboamentos.

Do 19 de marzo, sobre aboamentos.

Do 20 de marzo, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo, sobre aboamentos.

Do 25 de marzo, sobre aboamentos.

Do 26 de marzo, sobre aboamentos.

Do 28 de marzo, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo, unha sobre aboamentos e unha sobre eficacia de comunicación previa de obras.

Do 25 de marzo, unha sobre tarxeta de estacionamento; unha sobre servicio de teleasistencia; unha sobre bono natalidade, dúas sobre fraccionamento de débedas; unha sobre devolución de imposto; unha sobre exención de imposto de vehiculos de tracción mecánica.

Do 27 de marzo, dúas sobre aboamento de gratificacións a persoal laboral, unha sobre multa coercitiva, catro sobre alta en padron de habitantes, unha sobre eficacia de comunicación previa de obras, unha sobre enterramento, dúas sobre ampliación de horario, unha sobre nomeamento de tribunal para bolsa de emprego, unha sobre orde de execución,

Do 1 de abril, sobre concesión de servicio de axuda no fogar, unha sobre retirada de vehículo en via urbana, unha sobre empadronamento, unha sobre nomeamento de tribunal de proceso selectivo, unha sobre renuncia a subvención ARI,

Do 2 de abril, unha sobre aboamentos, unha sobre enterramento, unha sobre renuncia a concesión de postos da praza de abastos, unha sobre Imposto de Bens Inmóviles.

Do 3 de abril, unha sobre aboamentos unha sobre devolución de ingreso, dúas sobre nomeamento de persoal laboral fixo, dúas sobre empadronamento, seis sobre liquidación de taxas, unha sobre troco de titularidade de actividade, cinco sobre liquidación de plusvalías.

Do 4 de abril, unha sobre aboamentos, tres sobre liquidación de plusvalía, dúas sobre recoñecemento de trienios, unha sobre liquidación de taxa, unha sobre anulación de

liquidación, unha sobre concesión de servizo de axuda no fogar, unha sobre empadronamento, unha sobre concesión de vacacións.

Do 5 de abril, unha sobre aboamentos.,

Do 8 de abril, dúas sobre empadronamento, unha sobre comunicación previa de obras, unha sobre reclamación de trienios, unha sobre concesión de servizo de axuda no fogar, unha sobre ampliación de horario, unha sobre concesión de axuda de dereitos sociais, unha sobre recoñecemento de trienios, unha sobre tarxeta de estacionamento.

Do 9 de abril, unha sobre aboamentos, dúas sobre fraccionamento de débeda, unha sobre comunicación previa de obras, unha sobre expedición de tarxeta de estacionamento.

Do 10 de abril, unha sobre aboamentos, unha sobre licenza de enterramento, unha sobre acceso ao expediente, dúas sobre empadronamento, unha sobre personación en recurso contencioso-administrativo, unha sobre remisión de expte. o xulgado, unha sobre expedición de tarxeta de empadronamento, sete sobre axuda de dereitos sociais.

Do 11 de abril, unha sobre aboamentos, unha sobre licenza de enterramento, dúas sobre empadronamento, dúas sobre personamento en recurso contencioso-administrativo, cinco sobre liquidación de taxa, unha sobre nomeamento de persoal laboral fixo.

Do 12 de abril, unha sobre aboamentos, unha sobre bonificación de IVTM, dúas sobre fraccionamento de imposto, unha sobre limpeza de parcela, unha sobre enterramento.

Do 15 de abril, unha sobre aboamentos, unha sobre concesión de axuda de dereitos sociais, unha sobre expedición de tarxeta de estacionamento, unha sobre vacacións, unha sobre eficacia de comunicación previa de nave, unha sobre extinción de contrato de servizos, unha sobre devolución de ingresos indebidos, unha sobre orde de execución, dúas sobre orde de retirada de vehículo na vía pública, unha sobre bonificación de ITVM, unha sobre baixa de vehículo e unha sobre fraccionamento de taxa.

Do 16 de abril, unha sobre aboamentos.

Do 17 de abril, sobre aprobación de expte. de xeración de créditos nº 1/2024, dúas de comunicación previa de obras, unha sobre liquidación de taxa, unha sobre devolución de ingresos indebidos, unha sobre tarxeta de minusvalía, unha sobre cambio de titularidade de actividade, unha sobre data extinción de contrato de servizos.

Do 18 de abril, unha sobre aboamentos, doce sobre concesión de axuda de dereitos sociais, unha sobre fraccionamento tributario, tres sobre resolución de recurso sobre imposición de taxa, unha sobre vacacións, dúas sobre imposición de taxa, dúas sobre limpeza de fincas, dúas sobre empadronamento, unha sobre orde de execución.

Do 19 de abril, unha sobre aboamentos, dúas sobre concesión de axuda de dereitos sociais,.

Do 22 de abril, unha sobre aboamentos, dúas sobre cuestións tributarias, dúas sobre limpeza de terreos, dúas sobre concesión de servizo de Xantar na casa, unha sobre ocupación de vía pública, unha sobre devolución de taxa, unha sobre enterramento, unha sobre enterramento.

Do 23 de abril, unha sobre comunicación previa de obras, dúas sobre ocupación de vía pública, unha sobre devolución de aval, dúas sobre empadronamento, dúas sobre fraccionamento de débeda.

Do 24 de abril, unha sobre aboamentos, unha sobre compensación de deudas tributarias, tres sobre liquidación de taxa, unha sobre teleasistencia, dúas sobre nomeamento de persoal laboral fixo.

Do 25 de abril, aprobación de expte. de xeración de cretos num. 2/2024, unha sobre orde de execución, unha sobre recoñecemento de trienio, unha sobre comunicación previa de obras, unha sobre lista de admitidos no proceso selectivo Aprox rural, dúas sobre devolución de ingresos indebidos e catro sobre nomeamento de tribunal de proceso selectivo de consolidación.

### **3.- APROBACIÓN CONTA XERAL.**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2023.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda»

D Brais Fidalgo Martínez .- As contas son bastante positivas, máis alá da 413. Permite continuar cos gastos públicos, a débeda do concello é moi pequena comparada con outros. É froito do traballo do anterior goberno e dos funcionarios. Antes as contas non eran tan positivas, o goberno actual non ten excusas para non traballar.

D Xurxo Gómez Alonso.- Desculpar a ausencia de Maite. Nos ímos a abster.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- É un documento que depende das decisións do goberno.

D Miguel García Domínguez.- Agradecer que non haxa votos en contra.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7); abstención PSOE (3), BNG (1), RENC (1), fica aprobada.

### **4.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou

recreo situados en solos de uso público local, así como industrias callejeras ou ambulantes e rodaxe cinematográfico nos termos do proxecto que se anexa ao expediente.

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**CUARTO.** A entrada en vigor da presente ordenanza conlevará a derogación da Ordenanza fiscal nº14 por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en solos de uso público local, así como industrias callejeras ou ambulantes e rodaxe cinematográfico.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez .- Nos imos a abster porque non se nos consultou. A actualización de algunhas taxas é positiva, non é a única taxa a actualizar. Os capítulos de ingresos son insuficientes.

D Xurxo Gómez Alonso.- Preguntar pola taxa de cinco euros por debuxos e fotografías. Hai negocios que non abren e ocupan a vía pública con mesas e cadeiras. Nos imos a abster.

D Miguel García Domínguez.- Agradecer que non haxa votos en contra. Non ten que ver coas terrazas. É unha ordenanza tipo.

Alcalde.- As fotos é para traballos artísticos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7); abstención PSOE (3), BNG (1), RENC (1), fica aprobada.

## **5.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICIOS.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora de informe de avaliación de edificios nos termos en que figura no expediente

**SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez .- É un imperativo legal, pedimos flexibilidade na aplicación , que non ocorra como nas cartas de Medio Rural. Os requerimentos que os asine o alcalde , non os funcionarios.

D Xurxo Gómez Alonso.- Nos parece unha boa medida, hai edificios en mal estado. Non inclúe os edificios en ruina e vivendas unifamiliares. Os veciños colindantes ten os seus dereitos.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.-É unha cuestión administrativa.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7); abstención PSOE (3), BNG (1), RENC (1), fica aprobada.

## **6.- INICIO PROCEDIMIENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DE PREVISIÓN DO PEPRI .**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame

-Iniciar procedemento de revisión de oficio da seguinte previsión do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Conxunto histórico-artístico de Ribadavia, , aprobado definitivamente o 25.2.1999 e publicado no BOP de Ourense do 19.4.1999 e Diario Oficial de Galicia do 18.3.1999 :

" as edificacións sinaladas como equipamento rehabilitaranse incorporándose como equipamento cultural á instalación do museo etnográfico"

-Conceder trámite de audiencia aos interesados.

-Solicitar ditame ao Consello Consultivo de Galicia, formulando a seguinte proposta de resolución:

Declarar de oficio a nulidade, polos motivos expostos no informe da secretaría municipal obrantes no expediente, da seguinte previsión do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Conxunto histórico-artístico de Ribadavia, , :

" as edificacións sinaladas como equipamento rehabilitaranse incorporándose como equipamento cultural á instalación do museo etnográfico"

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez .- É unha cuestión bastante peculiar, foi unha pena que o concello non fora quen de recuperar ese espazo para uso público. A situación de ese espazo é francamente mellorable. Se hai un veciño que ten un proxecto para un espazo en mal estado , o concello non debe poñer atrancos. Hai moitos espazos mellorables no concello.

O anterior goberno recibiu moitas críticas por dinamizar espazos, agora vai a haber o primeiro hotel no barrio xudeu.

Poñer en valor os espazos e facilitar é labor do concello. A veces hai que poñer multas porque debe prevalecer o ben común. Aos dous meses de chegar o anterior goberno xa fixo requerimentos no casco histórico.

D Xurxo Gómez Alonso.- Nos felicitamos de que unha persoa queira investir en Ribadavia , o concello debe axudar. Preferiríamos que fose a Xunta a que investise e fose parte do museo.

No informe se fai fincapé na desigualdade, no artigo 14 da Constitución, non estamos de acordo en absoluto.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- É un procedemento que hai que iniciar, hai que poñer en valor o casco histórico.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Dar as grazas polo apoio, é un proxecto que parece interesante.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7) BNG (1), RENC (1); abstención PSOE (3), fica aprobada.

### **7.- MOCIÓN PSOE ESTRADA A FOZ.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame

1 Trasladar á Deputación de Ourense , titular da OU305 e á Confederación Hidrográfica, con competencias sobre as beiras do río Avia, a necesidade de eliminar ese punto negro no barrio da Foz.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PSOE; reservanse para o pleno os membros de ,PP , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Luis Gulín Iglesias.- Boas tardes a todos. Manifestar o pésame a Antonia polo falecemento do seu marido, Fidel Naval.

Na curva da pasarela se forma unha especie de gravilla e se producen moitos derrapamentos., se provocan desplazamentos. Hai informes da policía local e de protección civil que advirten da perigosidade. Pola zona pasan peóns, non hai un espazo protexido, un coche pode levar unha persoa. Por ahí pasa o camiño miúdo e moita xente polas festas. Hai risco de accidente con consecuencias fatales.

Que se de traslado do acordo á Deputación e a Confederación Hidrográfica para que poñan unha pasarela peonil ou algún tipo de solución.

D Brais Fidalgo Martinez.- É unha boa iniciativa, moi necesaria. A zona é bastante concurrida. Unha rampa de continuidade coa pasarela é a mellor solución. Non existe continuidade entre a pasarela e o barrio de A Foz.

A Deputación apenas colaborou co concello no que vai de lexislatura, que empece a colaborar.

D Xurxo Gómez Alonso.-Imos votar a favor, que se leve a cabo é o que nos gustaría. Había que facer un catalogo de carreteras en mal estado.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7), BNG (1), RENC (1), PSOE (3), fica aprobada por unanimidade.

### **8.- MOCIÓN RENC FUSIÓN DE MUNICIPIOS DO RIBEIRO.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame



1 O concello de Ribadavia solicita que a Xunta realice o estudo e proxecto de viabilidade de fusión voluntaria de concellos na comarca do Ribeiro.

2 O concello, a través do goberno local, inicie accións neste sentido, na Xunta, Deputación Provincial e cos concellos da comarca, buscando a implicación das partes

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC; reservanse para o pleno os membros de ,PP , BNG. e PSOE.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.- O obxectivo do noso grupo no son só iniciativas de inmediata execución; as veces, o pleno debe abrir debates, poñelos enriba da mesa. É unha constante en todos os plenos a baixada de poboación, de recursos, de inversións de outras administracións. Hai un trato inxusto á comarca do Ribeiro.

Hai unha hipertrofia financeira da Ribeira Sacra, o Ribeiro non recibe nin o 10%.

Hai poucas comarcas cunha identidade comarcal tan forte coma o Ribeiro. Hai concellos de menos de 500 habitantes, menos de 1000, pasan pouco dos 1000.

As causas de fondo son complexas, non só políticas. A suma multiplica.

Hai pouco territorio para facer polígonos industriais e dotacións públicas. Necesitamos terreo, outros veciños da comarca usan os servizos de Ribadavia.

Non hai razón para votar en contra de esta mocións, sería unha unión voluntaria, reforzaría a identidade local, manténdose a identidade e a proximidade das administracións aos veciños.

A Xunta debería axudar máis aos concellos que se fusionan.

A mancomunidade foi unha experiencia nefasta, un erro histórico do que aprender.

É un camiño lento, arduo, faise andando. Que o concello inicie as accións.

D Xurxo Gómez Alonso.- É unha moción interesante, complexa. Apoiamos o estudo. Que sexa voluntaria desperta dúbidas. Se a sede do concello vai a ser en Ribadavia, os de Beade non ían a querer. Vivir no rural conleva grandes beneficios e grandes inconvenientes.

Solicitar que no estudo se calcule canto se vai a aforrar.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Estamos en contra, non en contra da fusión de concellos, senón de cómo se plantexa. Primeiro habería que falar cos veciños e cos veciños dos outros concellos. O camiño ten que ser outro.

D Xurxo Gómez Alonso.- Este proxecto ningún concello o pode querer voluntariamente. Si se fai un referéndum en Beade, ían a decidir que non. A identidade é a parroquia a comarca. Os franceses fixeron a división en provincias e concellos ,viño imposta dende un despacho.

D Brais Fidalgo Martínez.- Non escoitei nin un só argumento para votar en contra, me sorprende que o PP vote en contra. É unha reforma tan ambiciosa como outras reformas administrativas do Estado.

A pregunta aos veciños e se queren ter bos servizos ou non, ter un concello a lado de casa que non serve para nada. Os retos do Ribeiro ten que ser ambiciosos. Beade ronda os 400 habitantes, menos que Francelos ou San Cristovo.

Lavadores, Carril, Conxo eran concellos, este é o futuro. A Xunta e o Estado deberían ser máis ambiciosos neste tema. Os concellos portugueses son tres veces máis grandes que os galegos, teñen xuntas de freguesía, hai alternativas.

Estas reformas hai que impoñelas, no ano 2012 se impuso un plan de axuste por Rajoy. Un concello de catrocentos ou quinientos habitantes é un anacronismo.

Me sorprende que o goberno de Ribadavia se negue por intereses políticos, partidistas. O concello non ten que chamarse Ribadavia, pode chamarse Ribeiro.

Alcalde.- Non estamos en contra da fusión de concellos. Primeiro hai que falar cos veciños por lealdade institucional. Sería desleal sen ter esas conversas previas, hai que explorar a sensibilidade ao respecto da poboación.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG (1), RENC (1); abstención PSOE (3), votos en contra PP (7), non fica aprobada.

## **9.- MOCION BNG POLO APROVEITAMENTO PÚBLICO DA HIDROELÉCTRICA DO RÍO CERVES**

A comisión informativa de Servizos municipais, medio rural, medio ambiente, parques e xardíns na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Instar á Xunta a levar a cabo as actuacións necesarias para reverter o aproveitamento hidroeléctrico do Cerves á xestión pública unha vez que se produza a súa caducidade en 2025, a fin de que o seu aproveitamento se realice con fins de utilidade pública e interese social de xeito que este recurso actúe como vector de crecemento económico no territorio en que está implantado.

2. Instar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e máis á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a que fagan efectiva a resolución da concesión administrativa do aproveitamento hidroeléctrico do Cerves en 2025, tramitando os expedientes de reversión sen retrasos e sen caducidades de expedientes, recuperando a xestión pública e modificando as disposicións legais pertinentes para garantir simultaneamente un instrumento que asegure a tributación municipal e a reversión de beneficios aos concellos e comunidades veciñais.

3. Valorar que este aproveitamento hidroeléctrico existente no Cerves poida formar parte da base dun novo modelo enerxético, cunha compañía eléctrica pública e unha tarifa específica galega, que permita beneficiar á cidadanía do aproveitamento dos recursos do seu territorio.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , PP. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Xurxo Gómez Alonso.- Neste pleno se ten aprobado unha taxa por utilizar espazo público é o mesmo. É un espazo público que xenera beneficios a unha empresa privada, é inviable a reversión.

O lóxico sería que revirtieran os beneficios á sociedade. Que a concesión revierta á administración pública, que os beneficios sexan para os veciños de Ribadavia e de Melón.

A concesionaria das termas de Prexigueiro paga un canon.

Que a hidroeléctrica sexa xestionada polo concello.

D Brais Fidalgo Martinez.-Sobre a anterior moción os argumentos do alcalde non son argumentos. O concello de Ribadavia pode fixar moción respecto da comarca.

Esta moción trata cuestións de índole estatal. Valdepereira e Castrelo padecen os agravios do pantano e todos os beneficios son para Castrelo. As leis benefician só as empresas. Esta moción ten moitos matices legais. Que non haxa beneficios nos concellos ou na tarifa non é lóxico. Caben fórmulas mixtas. A moción me parece ben.

D Luis Gulín Iglesias.- No ano 1978 Francelos quiso facer un referéndum para constituirse en entidade local menor.

En distintos momentos Ribadavia quiso quitar territorios aos concellos de Melón, Beade e Carballeda. Barcia se quiso incorporar a Ribadavia.

Esta central hidroeléctrica é compartida con Melón, habería que falar con eles primeiro.

Estamos a favor de que o concello teña competencias enerxéticas, a xestión polo concello requiriría grandes inversións.

Entendemos e , estamos a favor da postura da Europa Verde, das enerxías limpias.

Neste tema hai competencias estatais e se pode producir un conflito con Melón.

D<sup>a</sup> Mariluz Expósito Pérez .- Imos votar a favor , o concello non ten competencia na materia.

D Brais Fidalgo Martinez.- Hai comunidades enerxéticas, hai outras fórmulas. É unha boa oportunidade para que Melón e Ribadavia colaboren.

D Luis Gulín Iglesias .- Nos anos sesenta entre Ribadavia , Carballeda de Avia e Beade se falou dunha especie de comunidade enerxética, de cara a Fenosa.Os de Beade non quiseron , planteando onde ía a estar a casa do concello.

D Xurxo Gómez Alonso.- Os de Melón que fagan o que quieran, que nos faremos o que conveña. Que o PP pida que revierta a concesión, é de sentido común; só beneficia a unha empresa privada, non aos veciños.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7) BNG (1), RENC (1); abstención PSOE (3), fica aprobada.

## **10.- MOCION BNG EN DEMANDA DUN SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PÚBLICO.**

A comisión informativa de Política Social, sanidade e participación cidadán na súa sesión de data 18 de abril de 2024 adoptou o seguinte ditame

1 Demandar da Consellería de Política Social a dotación dun centro de día público no concello de Ribadavia.

2 Por a disposición da Consellería de Política Social os inmobles municipais non utilizados actualmente e aptos para ser acondicionados como centro de día.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , PP. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Xurxo Gómez Alonso.- A Xunta e a Deputación invierten en residencias e centros de día en municipios da provincia, Ribadavia queda descolgada.

Núñez Feijoo no discurso de investidura do ano 2009 dixo que todos os pobos de máis de 500 habitantes ían a ter centro de día.

Hai que reclamar o centro de día, é unha oportunidade para Ribadavia

D Brais Fidalgo Martínez.- Me parece ben que cada concello teña o seu centro de día. Ribadavia non ten. Ribeiro en Común, a través do grupo parlamentario de En Marea, levou ao Parlamento galego a petición dun centro de día en Ribadavia.

É un tema pendente fai anos, alomenos dende 2015.Houbo proxectos e reivindicacións.

Ribadavia non foi unha prioridade nin para Feijoo ,nin para Rueda. En Leiro con 1.500 habitantes se fixo. O de Ribadavia sería para todos os veciños da comarca.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Estamos de acordo co exposto polo voceiro de Ribeiro en Común.

Co aumento da esperanza de vida a poboación está máis embellecida. As persoas con familiares a cargo ten que traballar, un Centro de Día é imprescindible, evita o illamento social e favorece un envellecemento digno.

A inversión resulta inasumible para un concello. Hai que pedir apoio á Xunta e á Deputación. Ribadavia está discriminada pola Xunta e pola Deputación.

Dª Mariluz Expósito Pérez.-É algo totalmente necesario, de acordo na demanda.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7), BNG (1), RENC (1), PSOE (3), fica aprobada por unanimidade.

## **11.-MOCIÓN DE URXENCIA.**

Non houbo.

## 12.-ROGOS E PREGUNTAS.

D Brais Fidalgo Martínez .-¿ Qué foi da promesa de albergue na estación de tren? Se decía que era inminente, ¿ hai algo real?

Solicitar que se reforze o persoal da Consellería de obras e servizos. Hai moitas baixas. Empeorou o mantemento dos espazos públicos. Falta limpeza , incluso nas rúas céntricas.

Reiteramos os rogos das anteriores comisións informativas e plenos.

¿ Qué foi da promesa dunha nova Galiña Azul?

Alcalde.-Tomo nota dos rogos. Continuamos co proxecto da estación de tren, hai toda a intención de levalo a cabo neste mandato. O mesmo coa Galiña Azul.

D Xurxo Gómez Alonso.- Chegan máis cartas de pago en San Cristovo de Aqualia Se aprobou o padrón municipal de 2017, 2018. Chegan do ano 2021, pido unha explicación, ten que haber seriedade.

Reiterar que non se bote glifosato ou, polo menos, que se avise.

¿ Vaise facer unha pasarela para péons a Valdepereira dende San Paio?

¿ Vai puxar o concello polo baixo de Salgado Moscoso? Podería ser interesante.

¿ Hai algún proxecto para colocar barandilla no Xestal?

Nos últimos días se anunciaron inversións millonarias en Carballeda de Avia, en Ribadavia nada. Algo tería que facer o PP de Ribadavia, ou dar un golpe na mesa ou pasar ao grupo mixto.

Alcantarillado.- Somos conscientes das queixas da xente sobre o alcantarillado. Chegaron cartas con apremio, se vai a correxir, hai que modificar a ordenanza,é un problema complexo. O padrón do alcantarillado é indepente, sen vincular, xenera unha taxa irracional en moitos casos: hai enganchados que non pagan e non enganchados que sí. O problema é da ordenanza.

Tomo nota dos rogos.

A pasarela de Valdepereira esperamos que se faga.

No Xestal se estudian as posibilidades.

Cos anuncios das inversións se fai demagogia; se dice que o Plan de Sustentabilidade Turística deu un millón de euros a Allariz. A Xunta o aprobou o 9 de maio, o goberno d entón de Ribadavia non presentou ningún proxecto.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- As listas das bolsas de contratación xa están avaliadas. ¿ Se cubriron as dúas baixas?

Hai unha traballadora de servizos sociais que está a cubrir a baixa do administrativo de recepción.

Alcalde.- O día 6 ou 7 de maio se incorpora a persoa de baixa.

D Luis Gulín Iglesias.- Augas de Galicia convocou unha subvención para auditorias do servizo de auga. Preguntar pola contratación de micropaisaxes.

Alcalde.- O tema está falado con Aqualia.

É para sinalizar os recursos turísticos.

D Brais Fidalgo Martinez.- Preguntar polo viaxe a Sevilla.

Alcalde.- Hai unha asociación O Lar galego en Sevilla, que ten unha caseta na Feira. Cada ano a dedica a un concello de Galicia, este ano lle tocou a Ribadavia. Piden imaxes para adornar a caseta e convidan ao alcalde para participar na inauguración, sen coste para o concello, En xuño uns asociados van a facer unha excursión a Ribadavia.

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos o alcalde levanta a sesión.